


### REGULAMENTO DA MARCHA

1. Peña Ciclista Val Miñor, en colaboración co Concello de Nigrán, e coa autorización dos organismos competentes, é o organizador da XII MARCHA BTT CONCELLO DE NIGRÁN, MEMORIAL DIEGO FREIRIA E PEPE COMESAÑA, que se celebrará o 24 DE FEBREIRODO 2019 e con saída e chegada dende o CAMPO DE FUTBOL DE CHANDEBRITO, EN NIGRAN.
2. A marcha encádranse como probas de exercicio físico con fines de ocio, turístico ou cultural, **excluíndo expresamente a competición.**
3. Esta marcha está aberta a tódolos deportistas maiores de 16 anos.
4. A actividade ten subscrito un seguro de responsabilidade civil e de accidentes.
5. É obrigatorio o uso de casco protector e levar visible o distintivo entregado pola organización.
6. So será considerado participante da XII MARCHA BTT CONCELLO DE NIGRÁN, MEMORIAL DIEGO FREIRIA E PEPE COMESAÑA, a persoa que cumprimente total e correctamente a inscrición mediante o formulario que se atopa na páxina <http://www.championchipnorte.com>.
7. As inscricións pecharanse o día 20 de Febrero de 2019 ou cando a Organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos. O día da Marcha ninguén poderá inscribirse.
8. O prezo da inscrición será de 10 € para todos os participantes que deberán pagar no momento de facer a inscrición.
9. As inscricións consideraranse definitivas polo que, unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar non se realizará a devolución do importe da mesma.
10. O límite máximo de participantes e 500 ciclistas.
11. A ruta está sinalizada, debendo os participantes respectar o itinerario e o ritmo marcado pola organización, non podendo ser rebasado o grupo de cabeza en ningún momento.
12. A saída de BTT será ás 09:15 horas, dende o campo de futbol da parroquia de Chandebrito, Nigran para facer un percorrido duns 40 Kms por pistas forestais dunha dificultade media-alta.

13. A entrega de dorsais comezará a partir das 8:30 horas.
14. Haberá puntos de reagrupamento e avituallamento, deberán ser respectados escrupulosamente por tódolos participantes. A organización resérvase o dereito de modificar o percorrido por mor climatolóxico ou de seguridade.
15. Estableceranse puntos de control que estarán debidamente sinalizados onde se deberá pasar antes dunhas horas prefixadas e en caso de superar os horarios a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos que o principal.
16. Só serán considerados participantes da marcha aqueles que realizen debidamente a inscrición e leven visible o distintivo entregado pola organización senón poderán ser obrigados a saír do percorrido mentres se desenvolva a marcha. Non se considerarán participantes aqueles que de forma intencionada faciliten datos falsos ó inscribirse.
17. A organización disporá durante o transcurso da marcha dos servizos de asistencia sanitaria e mecánica, ambulancia, Protección Civil, duchas e lavado de bicicletas una vez rematada a mesma, nas instalacións do campo de Fútbol de chandebrito.
18. Unha vez rematada a marcha tamén haberá aperitivos e agasallos.
19. O feito de inscribirse na marcha, supón a aceptación do presente regulamento.



**PEÑA CICLISTA VAL MIÑOR**  
marchanigran@gmail.com